

Co financiamento de:



## AXUDAS DO PROGRAMA BONO COIDADADO / BONO CONCILIA FAMILIA (2024)

*Setembro de 2024, o Gabinete de Igualdade informa:*

**Publicada a convocatoria das axudas económicas ás familias para a conciliación en situacións puntuais e períodos de vacacións escolares a través do programa Bono Concilia Familia (convocatoria 2024), en réxime de concorrencia non competitiva.**

### Resumo:

#### Que é o Bono Concilia?

Solución económica ás necesidades de conciliación, consistente na concesión de axudas ás familias residentes en Galicia con menores de ata 12 anos, destinadas a colaborar no pagamento do importe de servizos de atención a nenos e nenas: cobertura de necesidades puntuais de conciliación.

#### A que se destina?

1. Contratación laboral dunha persoa empregada do fogar de forma temporal para o coidado do neno ou nena.
2. Contratación de servizos de atención á infancia a domicilio.
3. Asistencia a servizos de conciliación autorizados pola Consellería de Política Social e Igualdade (atención en ludotecas, espazos infantís ou servizos complementarios de atención á infancia previstos na sección quinta do capítulo III do Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia).
4. Asistencia a campamentos ou outros recursos de conciliación colectivos, especificamente organizados por calquera persoa física ou xurídica, pública ou privada, para a atención dos nenos e nenas nos períodos de vacacións escolares.

#### Quen ten dereito?

Pais/nais e persoas titoras de nenos e nenas de ata 12 anos de idade, estes incluídos, ou as persoas que os/as teñan en situación de acollemento familiar ou garda con fins adoptivos, que residan na Comunidade Autónoma de Galicia e se encontren nos supostos seguintes:

- a) Que o neno ou a nena nacesse o 1 de xaneiro de 2011 ou con posterioridade a esta data.
- b) Que ambos os pais/nais, persoas titoras, acolledoras, gardadoras con fins adoptivos, pais/nais con custodia non compartida ou proxenitor/a de familia monoparental estean traballando, no suposto de solicitudes por enfermidade ou accidente do neno ou nena e/ou por necesidades en períodos de vacacións escolares.

Nos supostos de custodia compartida, este requisito entenderase referido ao tempo en que esta se exerza efectivamente; nestes casos, cada pai/nai deberá presentar unha solicitude individual.

### Que necesidades de conciliación cobre esta axuda?

<p><b>Necesidades en períodos de vacacións escolares*</b></p>	<p>Sempre que ambos os pais/nais, persoas titoras, <i>acolledoras</i>, gardadoras con fins adoptivos, pais/nais con custodia non compartida ou proxenitora de familia monomarental/monoparental non se poidan facer cargo da atención do neno ou nena por motivos laborais.</p>
<p><b>Necesidades puntuais</b></p>	<p>1º Enfermidade ou accidente do neno ou nena ou da persoa coidadora habitual.</p>
	<p>2º Asistencia da persoa coidadora habitual a entrevistas de traballo ou cursos de formación que impidan a atención do neno ou nena.</p>
	<p>3º Situacións puntuais de carácter laboral da persoa coidadora habitual que impidan a atención do neno ou nena.</p>
	<p>4º Situacións puntuais de coidado de familiares, do neno ou nena ou da persoa coidadora habitual ata o segundo grao de parentesco por consanguinidade ou afinidade, sempre que impidan a atención do neno ou nena por parte da persoa coidadora habitual.</p>

\*Entenderase como períodos de vacacións escolares os seguintes do ano 2024:

- Do 1 ao 7 de xaneiro
- Os días 12, 13 e 14 de febreiro
- Do 25 de marzo ao 1 de abril
- Do 22 de xuño ao 10 de setembro

### Cal é a contía?

Achega que pode acadar ata un máximo do 75 % do custo das actuacións previstas e cun límite:

<p><b>Límite en euros (€)</b></p>	<p>De 500 euros por unidade familiar, no caso de contratación dunha persoa empregada do fogar ou de servizos de atención á infancia a domicilio.</p>
	<p>De 200 euros por cada menor, no caso de asistencia a servizos de conciliación autorizados pola Consellería de Política Social e Igualdade ou a campamentos ou outros recursos de conciliación colectivos especificamente organizados para a atención de nenos e nenas nos períodos de vacacións escolares.</p>

Cada suposto de conciliación ao que dá cobertura esta orde será obxecto dunha axuda dentro das dispoñibilidades orzamentarias.

\*A Consellería de Política Social e Igualdade publicará no DOG e no Portal da Consellería de Política Social e Igualdade o esgotamento da partida orzamentaria e inadmitirá as posteriores solicitudes destinadas á subvención, salvo que se produza un incremento do crédito.

### **Cal é a súa vixencia?**

Cobertura de necesidades de conciliación que teñan lugar entre o 1 de xaneiro e o 10 de setembro de 2024.

### **É compatible con outras axudas?**

A percepción destas axudas é compatible con outras subvencións, axudas e ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado.

\*As familias deberán presentar, canda a solicitude, unha declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas, concedidas ou percibidas para a mesma finalidade, usando o formulario establecido para o efecto no anexo I.

### **Cal é o prazo de solicitude?**

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes e comezará a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

O prazo para resolver e notificar a resolución das axudas será de tres meses, contados desde o día seguinte ao da data en que a solicitude teña entrada no Rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o dito prazo sen se ditar resolución expresa, as solicitudes poderán entenderse desestimadas.

\*Nesta convocatoria, redúcese a documentación que deberán achegar as persoas solicitantes.

### **Onde facer a solicitude?**

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>

Código de procedemento: *código de procedemento BS412A*.

Coa solicitude presentárase outra documentación específica segundo o feito causal e as particularidades da persoa ou persoas solicitantes.

### **Para máis información:**

DOG núm. 179, de 17 de setembro de 2024

([https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240917/AnuncioG0762-060924-0001\\_es.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240917/AnuncioG0762-060924-0001_es.html))

Ou podes escribirmos un correo a: [gabineteigualdade@galicia.ccoo.es](mailto:gabineteigualdade@galicia.ccoo.es)